



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## CONSULTA PÚBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

### MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL 22, MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCUCIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA

Por providencia da alcaldía incoouse o correspondente expediente para a aprobación da modificación da ordenanza xeral 22, municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria en aras de proceder a regulación da zona azul no Concello de Ponteceso nas principais vías do Concello de Ponteceso ,sendo a avenida de Eduardo Pondal , no seu marxe dereito en dirección Carballo e Avenida de Anllóns.

O informe xurídico da secretaría municipal sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio, para que durante un prazo de 15 días hábiles calquera interesado poida presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras sobre os problemas que a ordenanza trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O Alcalde  
Jose Manuel Mato Martínez